

## ACTA DO XURADO DO CONCURSO CONCITA CUNQUEIRO (C.C.C.)

Reunido o xurado do Concurso Concita Cunqueiro na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Filloxía e Tradución da Universidade de Vigo ás 12 horas do día 15 de abril de 2021, actuando como presidente o decano da FFT, D. José Montero Reguera, e como secretario o profesor Xosé-Henrique Costas, tras varias deliberacións, acorda emitir por unanimidade o seguinte fallo:

**1º Premio:** ÁFRICA FRAGUEIRO RENGELO, de Casás-Vincios, alumna do IES Terra de Turonio de Gondomar.

**2º Premio:** YENEBÁ ROMERO SALGUEIRO, de Brandufe-Vincios, alumna do IES Terra de Turonio de Gondomar

**3º Premio:** IRIA CUSTODIO FABRE, de Trasmañó-Redondela, alumna de 4º do Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios da Universidade de Vigo.

As citas gañadores foron as seguintes:

- 1) **A personalidade de cada un vén sendo, por tanto, como un pequerrucho vagalume, como un lucecú que dá na noite un puntinho de brillo disolto. A escuridade é o termo que fai posible a existencia do bichiño** (*Escola de menciñeiros*, p. 20)
- 2) **A miña idea primeira é que un tesouro é coma unha persoa viva, coa súa memoria e a súa vontade** (*Tesouros novos e vellos*, p.31)
- 3) **Todo pende pra que o mundo morra en que un poeta esqueza os días en que chovía no mundo** (“Un poeta esquece os días de chuvia”, *Poesía 1933-1981*)

O xurado valorou gratamente a alta calidade das citas presentadas e quixo distinguir sete finalistas máis (ordenados alfabeticamente polos apelidos):

María Bará Louro, de Pontevedra, 4º do Grado de CLEL UVigo  
Sara Chamadoira Jordán, de Morgadáns-Gondomar, IES Terra de Turonio  
Ana Mª Fernández Berrocal, de Vigo, Mestrado de Educación Secundaria UVigo  
Vanesa Freire Armada, de Cariño-A Coruña, Mestrado de Tradución UVigo  
Arántzazu Luna Díaz, de Vigo, 4º do Grao de CLEL, UVigo  
Isaac Rodríguez Solla, de Gondomar, IES Terra de Turonio  
Lucía Salceda García, de Beariz-Ourense, 4º do Grao de CLEL UVigo

E estas son as citas finalistas:

...e que non hai nada, absolutamente nada, que non poida ir morrer a un poema...  
(entrevista de G.Ricci no libro *Celtismo e magia nella opera di Alvaro Cunqueiro*)

Miña branca señor, corpo delgado:  
este bosque é do tempo da máis recente lúa,  
e ese malvís que tanto áer enfrauta  
cada día que amence renace e asubía.  
Amante, no meu vaso aínda canta a sede

(“Soedades da miña branca señor”, *Dona do corpo delgado*)

Os camiños son semellantes a sucos, e así como as leiras dan o pan, os camiños dan as xentes,  
as pousadas, as falas, os países. Séntase un a colleitar beira do camiño, ou vaixa por el

(*Merlín e familia*)

Eran de Santalla de Oscos, onde é a temerosa gorxa entre íspidas costumes, onde foron os  
freires e aínda son os ferreiros. (*Escola de menciñeiros*)

Sópralle o pó aos cristais do anteollo de longavista e inquire na liña máis lonxana do mar astra  
que se lle poñen manchas mouras na visión, e entón déitase no chan, e pecha os ollos

(*Se o vello Sinbad volvese ás illas*)

Se eu me fago arbre vella na outra banda do río  
e me toca ser a arbre que recorda e soña  
ben segura podes estar de que soñarei contigo  
cos teus ollos grises como a alba  
e coa túa sorriso  
coa que se vestiron os beizos das roseiras  
nos días máis felices.

(“Na outra banda”, *Herba aquí e acolá*)

E eu como secretario certifico e labro esta acta na Cumieira de Marcosende, Vigo, a 15 de  
abril de 2021, asinada polos seis membros do xurado:

José Montero  
Presidente

X.Henrique Costas  
Secretario

Ana Acuña Trabazo  
Vogal

Manuel Forcadela  
Vogal

Rexina Vega  
Vogal

Jorge L. Bueno  
Vogal